



# PROXECTO ATÉNDEME ENTÉNDEME

MELLORANDO A COMUNICACIÓN  
NOS CENTROS SANITARIOS



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE





# Aténdeme **Enténdeme**

"**AténdemeEnténdeme**" é un proxecto que realizamos dende FADEMGA Plena inclusión Galicia coa axuda da Concellería de Sanidade. Trátase dun proxecto destinado a mellorar a atención en consulta das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Ata o de agora o proxecto chegou ata os centros de saúde de Carballo, Viveiro, Carballiño, Lárez, La Peregrina e Coia, así como ao centro médico de Lalín e ao centro de atención primaria de Burela.

## Obxectivos do proxecto

"AténdemeEnténdeme" ten como obxectivo que os profesionais dos centros sanitarios:

- Entendan as características das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Descubran ferramentas e recursos para mellorar a comunicación coas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Coñezan estratexias para axudar as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento a estar tranquilos e cómodos nas consultas e/ou probas médicas.
- Comprendan a importancia da información que coñecen os acompañantes das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que teñen dificultades para comunicarse.





## Como se desenvolve “AténdemeEnténdeme”?

Varios grupos de formadores constituídos por unha persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, un familiar e un profesional de apoio, achéganse aos diferentes dispositivos de saúde da nosa comunidade autónoma para realizar accións de información e sensibilización aos profesionais sanitarios.

## Que accións se realizaron?

Consellería de Sanidade.  
Centro de saúde de Carballo.  
Centro de atención primaria de Burela.  
Centro médico de Lalín.  
Centro de saúde de Viveiro.

Centro de saúde de Carballiño.  
Centro de saúde de Lerez (Pontevedra).  
Centro de saúde La Peregrina (Pontevedra).  
Centro de saúde de Coia (Vigo).

# Queres que a túa entidade forme parte de “AténdemeEnténdeme”?

Segúe estes pasos:

## 1 Forma un grupo:

Identifica a 3 persoas interesadas en participar neste proxecto como formadores.

**Lembra!** Teñen que ser 3 perfís:

- Unha persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- 1 familiar
- 1 profesional de apoio

## 3 Sesión de traballo

O día 20 de setembro realizaremos unha sesión de traballo presencial na Federación con todas as persoas interesadas en colaborar no proxecto. Na sesión aclararemos en que consiste, como levar a cabo as accións de sensibilización e faremos prácticas de como falar en público.

## 2 Inscríbete!

Envíanos a inscrición [areasocial@fademga.org](mailto:areasocial@fademga.org):

- A ficha das 3 persoas colaboradoras no proxecto.
- Fotografía do grupo

O prazo está aberto ata o 19 de xullo.

## 4 Posta en marcha de accións

Os grupos de persoas formadoras achegaranse aos centros sanitarios da súa área (próxima á entidade) para realizar as accións de sensibilización e información.





SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

